

2007

CATALOGACIÓN BOTÁNICA. Fixéronse 5 saídas botánicas rematando este ano o traballo de campo, cun total de 18 xornadas, durante os anos 2005, 2006 e 2007, dirixidas polo botánico Francisco Javier Silva Pando.

CATÁLOGO MICOLÓXICO Realizáronse 5 saídas pra elaboración do catálogo micolóxico do río, dirixidas polo micólogo Jaime Blanco Dios.

FOTOS AÉREAS Encargóuselle ao fotógrafo Nelson o traballo da realización de fotos aéreas do río dende o nacemento ata a desembocadura. Dito traballo consistiu en realizar un vó cun helicóptero e unha cámara de alta resolución.

DENUNCIAS Denúnciase ante as autoridades competentes e ante os medios de comunicación as seguintes denuncias:

1. Situación da Ponte do Couto.
2. Cabina no entorno da Ponte da Condesea.
3. Vertido de entullos no lugar das Brañas.
4. Levantamento de muro no río Pintos, Marcón.
5. Caseta pra captación de auga no río Tomeza.

SAÍDAS DE EDUCACIÓN MEDIO AMBIENTAL POLO RÍO TOMEZA:

1. 1 saída coa ludoteca Marioneta.
2. 2 saídas co Concello de Pontevedra.
3. 1 saída co Colexio O Toural de Vilaboa.
4. 1 saída co CEIP San Martiño de Salcedo.
5. 1 saída co Concello de Vilaboa.
6. 1 saída con Monitores Medio Ambientais do Concello de Vilagarcía.

VISITA OS MUÍÑOS DO FOLÓN E AO PARQUE NATURAL MONTE ALOIA.

VII CAMPAÑA DE LIMPEZA Levouse a cabo durante 7 domingos consecutivos, cunhas características semellantes ás de anos anteriores. Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro Penitenciario A Lama en dúas xornadas, e coa Asociación Arela.

PARTICIPACION NO "PROXECTO RÍOS" PROMOVIDO POR ADEGA Continuamos coas diferentes actividades dentro do Proxecto Ríos, promovido pola Asociación de Defensa Ecolóxica de Galicia.

PONTE DO COUTO Reiteróuselle ás administracións (Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e Consellería de Medio Ambiente) a recuperación da Ponte do Couto, así como do seu entorno, situada sobre o río dos Gafos ó carón da Rúa Otero Pedrayo neste concello de Pontevedra.

PROGRAMA NOITES ABERTAS En colaboración coa Concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra, organizouse unha saída nocturna polo río dos Gafos, dirixida polo naturalista Federico de la Peña. Ao remate houbo unha degustación de ortigas, preparadas de diferentes xeitos.

CAMPAÑA DE RECUPERACIÓN DE FOTOS ANTIGAS Continuouse coa campaña pra recuperación de fotos antigas do río e do seu entorno. Durante este ano adquiríronse diversas fotos e postais a diferentes organismos e particulares.

REXISTRO DA ASOCIACIÓN Procedeuse a inscribir a asociación no rexistro de Asociacións de carácter Medio Ambiental creado pola Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE FOTOS AÉREAS Expuxéronse durante o mes de decembro 20 fotografías aéreas de tamaño 40x30, onde se recollía todo o tramo do río, dende o nacemento ata a desembocadura. Dita exposición estivo na Casa do Coto, Tomeza

INSPECCIÓN NO RÍO Realizáronse 2 saídas pra inspeccionar a situación do río (vertidos, invasión do dominio público, talas ilegais, etc.)

E.N.I.L. (Espacio Natural de Interés Local). Realizado como proxecto de fin de carreira, Alba María Noya Vázquez elaborou un estudo pra declaración do río dos Gafos como ENIL, dito traballo foi promovido por Vaipolorío e dirixido por Adolfo Cordero Rivera, profesor da Universidade de Vigo. Dito proxecto foi presentado ós concellos de Vilaboa e Pontevedra prá súa tramitación.

XORNADAS DE MANTEMENTO Realizáronse 2 xornadas de mantemento coa finalidade de retirar lixo e limpeza do sendeiro.